

TEMA 5: A POESÍA ENTRE 1936 E 1976. A XERACIÓN DO 36, A PROMOCIÓN DE ENLACE E A XERACIÓN DAS FESTAS MINERVAIS.

1.CONTEXTO HISTÓRICO E CULTURAL.

Rematada a Guerra Civil (1936-1939) instaurouse unha ditadura encarnada polo xeneral Franco que duraría ata 1975. Desenvólvese, entón, un longo período histórico caracterizado pola ausencia de liberdade e pola anulación dos máis elementais dereitos políticos, culturais ou relixiosos: liberdade de expresión, de movementos, de reunión...

Para a cultura galega, o período de posguerra é un tempo escuro que só a partir de 1950, ano da fundación da editorial Galaxia, semella atopar certa saída. É importante salientar a actividade dos exiliados e emigrantes que garantiron a continuidade da nosa cultura.

2. A POESÍA DE POSGUERRA.

Así en 1950 coa creación da editorial Galaxia comezará a recuperación cultural galega desde o propio país. Supón, ademais, o punto culminante dunha serie de sucesos positivos, datados nos últimos anos 40, que dan conta do lento renacer literario: a publicación de **Cómaros verdes**, de **Aquilino Iglesia Alvariño**, a aparición da colección de poesía **Benito Soto**, o nacemento da editorial **Bibliófilos Gallegos**, a publicación do **suplemento semanal La Noche** e a edición de revistas bilingües como **Alba** ou **Mensajes de poesía**.

A década dos 60 e 70 son anos axitados no terreo político e social. A poesía galega comeza marcada polo predominio da liña social e de denuncia, que acadará un considerable éxito ata a década seguinte. A partir dos anos 70 xa se van percibindo indicios de mudanza e será nesa década cando xurdan colectivos poéticos renovadores.

2.1. Grupos e tendencias poéticas.

En Galicia, a mingua da produción editorial entre 1936 e 1950 provoca a irrupción case simultánea de tres grupos xeracionais no panorama da literatura de posguerra: a **Xeración do 36**, a **Promoción de Enlace** e a **Xeración das Festas Minervais**.

2.1.1. A Xeración do 36.

Esta xeración está formada por un grupo de escritores nados entre 1910 e 1920, que viviron a guerra e a plasmaron nas súas obras; algúns deles publicaron poesía antes de 1936.

Nun principio, recoñécense discípulos da Xeración Nós e da Xeración do 25, pero non tardarán en atopar as súas propias liñas creativas. A súa obra acada maior orixinalidade cara aos anos 50 ou 60. Un sector deles constituirá grupo poético desde o exilio.

- Iníciáanse cultivando as tendencias poéticas de preguerra:

- **neotrobadorismo** (reelaboración das formas trobadorescas galego-portuguesas) en **Cancioneiro de Monfero**, de **Álvarez Blázquez** e **Dona do corpo delgado**, de **Álvaro Cunqueiro**.

- **o ruralismo** (visión mística da paisaxe) en **Cómaros verdes**, de **Iglesia Alvariño** e en **Nimbos**, de **Díaz Castro**.

- As tendencias máis novidosas e propias desta xeración son:

- **clasicismo**, poesía de temática e formas clásicas e cunha temática centrada na preocupación existencial e relixiosa na que salienta o mesmo **Iglesia Alvariño**, con **Lanza de soledá** ou **Carballo Calero**, con **Pretérito imperfecto**.

- **o intimismo radical** de **María Mariño**, con **Palabra no tempo e Verba que comeza**, lembran o intimismo desacougante de Rosalía e abordan a fusión mística coa natureza e mais o presentimento da morte cunha estética revolucionaria pola que foi denominada “a dinamiteira da fala”. Tamén publica **Luís Pimentel Sombra do aire na herba**, intimismo sentimental con achegas surrealistas, elaborado maiormente antes da guerra.

- **o socialrealismo** foi a tendencia máis destacada da xeración, e **Celso Emilio Ferreiro** a súa voz principal tras o éxito de **Longa noite de pedra** (1962), que marca o triunfo do realismo social ata principios dos 70. Dominan os poemas combativos, a defensa de Galicia e da clase traballadora, pero atopamos tamén poemas intimistas (nostalxia da infancia) e poemas amorosos dedicados á súa dona.

O soño sulagado (1954) é a súa primeira obra publicada onde xa aparecen temas que van ser constantes na súa obra: o mundo da infancia, o antibelicismo, a desesperanza, a realidade social, etc.

Polo tanto as tres temáticas que se manifestan entrecruzadas son: a cívica, a intimista (**Onde o mundo se chama Celanova**, de 1975. Presenza de lirismo, amor e lembranzas) e a satírica (**Viaxe ao país dos ananos**, de 1968. Ataques aos sectores insolidarios da emigración galega). Outros títulos deste autor son: **Cemiterio privado** (1974) ou **Cantigas de escarnio e maldecir** (1968), de carácter satírico.

O estilo deste autor caracterízase polo uso dun rexistro coloquial que facilita a comunicación cos lectores e o prosaísmo crítico. Abundan as alegorías e o simbolismo para representar dous mundos contrapostos: un positivo de luz, liberdade e xustiza, fronte ao negativo da escuridade, opresión e inxustiza.

Celso Emilio Ferreiro convértese na voz de toda a sociedade que se identifica coas súas denuncias e ansias de liberdade.

2.1.2. A Promoción de Enlace.

Esta xeración está formada por poetas nados entre 1920 e 1930 e, en boa medida, autodidactas, pois a guerra civil privounos na xuventude da información e liberdade. O seu acceso á cultura prodúcese nos anos 40 e as súas principais influencias poéticas foron a obra dos poetas da Xeración Nós, e da Xeración do 36 e maila poesía da xeración castelá do 27. Na súa poesía aprécianse as notas de pesimismo e desacougo que caracterizan a posguerra europea.

Entre os autores da Promoción de Enlace destacan **Antón Tovar**, **Manuel Cuña Novás** e **Luz Pozo Garza**.

Antón Tovar. Publicou en galego **Arredores** (1962), **Non** (1967), **Calados esconxuros** (1980) ou **A nada destemida** (1991)..., poemarios intimistas de soidade e desánimo cun estilo sinxelo e musical. A súa é unha poesía intimista na que non está ausente a preocupación política e social.

Luz Pozo Garza autora de **Concerto de outono** ou **Códice Calixtino**, unha poesía culta, chea de referencias artísticas e literarias, que evoluciona do vitalismo dominado polo amor a unha visión máis nostálxica e de ton elexíaco.

Manuel Cuña Novás. A súa obra máis influínte é, sen dúbida, **Fabulario Novo**, coa que se inaugura a “Escola de Tebra”, e onde mestura poemas de tendencias de preguerra con outros de imaxes herméticas nos que mostra angustia e desespero. Tebras, terror, escuridade e desacougo están presentes nesta obra. Trátase, pois, dunha poesía existencialista cunha visión angustiada e pesimista da vida.

2.1.3. A Xeración das Festas Minervais.

Intégrana poetas nados entre 1930 e 1940, que non coñeceron a Guerra Civil. Caracterízanse por teren unha concepción do poema de raíz existencial, así pois, todos eles nos ofrecen unha visión angustiada e pesimista da existencia humana. Na década dos 60, co triunfo de **Longa noite de pedra**, os autores desta xeración evolucionaron cara o realismo social.

Entre os feitos colectivos que acometen destacan: a restauración das Festas Minervais, certame poético que se volve a celebrar en 1953; colaboran no diario La Noche; participan na creación da colección literaria Illa Nova; fundan a editorial e o Grupo Brais Pinto; forman parte do nacionalismo revolucionario.

A maioría dos compoñentes, entre os que destacan **Manuel María, Bernardino Graña, Xohana Torres e Méndez Ferrín**, seguen unha evolución semellante, percorrendo tres tendencias sucesivas:

- Iníciase na chamada **Escola da Tebra**, unha poesía de enfoque existencial e pesimista na que destacan **Manuel María** con **Muiñeiro de brétemas**; **Méndez Ferrín** con **Voce na néboa** e **Bernardino Graña** en **Poema do home que quixo vivir**.

- **O socialrealismo** será cultivado tamén por todos eles nos anos 60 e primeiros 70, tras o éxito de **Longa noite de pedra**. Os temas fundamentais son a denuncia da opresión, a guerra, o sentimento nacionalista... Destacan **Manuel María**, que inicia esta tendencia coa obra **Documentos persoais** e **Méndez Ferrín**, autor de **Antoloxía popular**, logo convertida en **Poesía enteira de Heriberto Bens**, centrada na temática política e reivindicativa, pero de gran nivel formal con achega de recursos clásicos e vangardistas.

- Co remate da ditadura, decae o predominio absoluto do socialrealismo para dar paso a unha **renovación poética** que abrirá o camiño da poesía de fin de século. Polo que respecta á temática, recupérase a poesía intimista cos grandes temas eternos do xénero: amor, morte, paso do tempo... e no estilo triunfa a preocupación estética e o coidado formal, acudindo tanto ao mundo clásico coma ao vangardismo.

- Neste cambio foi determinante a publicación de **Con pólvora e magnolias** de **Méndez Ferrín**. O título desta obra sintetiza o seu carácter: persiste a poesía revolucionaria ("pólvora"), pero aparece intimismo de gran preocupación estética: ("magnolias"). Os temas da nostalxia, o paso do tempo ou a presenza inexorable da morte son agora tratados cun coidado exquisito da forma en poemas de rexistro culto e cheos de variadas referencias culturais clásicas e modernas, como a pegada da xeración beat americana.

Outros poetas desta xeración son: **Avilés de Taramancos** e a figura senlleira de **Uxío Novoneyra**, cumio da poesía paisaxística galega con **Os eidos**: unión mística coa natureza do Courel e unha estilística novidosa en poemas breves dominados eufonicamente pola linguaxe caurelá e o fonsimbolismo.